

I. QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan os distintos membros da comunidade escolar na organización do Centro.

II. COMPOSICIÓN

Directora: M^a Elena Gayo Álvarez

Xefa de estudos: Marta Álvarez Gómez

Secretario: Carlos Rego Tesouro

Representantes de mestres:

- Ana Dolores Fornos Boo
- María Francisca Forneiro Calviño
- Eva M^a Mojón Morán
- Ana Belén Pousada Calvo
- María Isabel Barbosa Crespo

Representantes de pais e nais:

- Beatriz García Rodríguez
- Susana González Vázquez
- D^a Eva Muñoz Pablos
- M^a José Bouzada Rodríguez
-

Representantes da ANPA

- Raúl Mateos Pérez

Representante do Concello:

- Margarita Pérez Grande

Representante do persoal non docente:

- Francisco Javier Gallego Gómez



III. COMPETENCIAS

Art. 127 da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE); Lei 8/2013 de 9 de decembro.

- Avaliar os proxectos, normas e a programación xeral anual co centro, sen prexuízo da competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección, os proxectos de dirección presentados polos candidatos e participar na selección do director.
- Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento de director.
- Informar sobre a admisión de alumnos, segundo o establecido na LOMCE e nas disposicións que a desenvolven.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación, a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia de xénero.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipamento escolar e informar a obtención de recursos complementarios.
- Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

IV. COMISIÓNS

Nomearase un representante de iniciativas e programas de coeducación que se encargará de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real ente homes e mulleres.

No seo do Consello Escolar constituiranse as seguintes comisións:

- Comisión económica
- Comisión de convivencia
- Comisión de biblioteca

V. REGLAS E FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

1.- O quórum, para a válida constitución, para os efectos de celebracións das sesión, deliberacións e toma de acordos, requerirá a presenza do presidente e secretario ou, de ser o caso, dos que o substitúan, e da metade , polo menos, dos seus membros.

2.- Reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros.

3.- Os membros electos do Consello Escolar ou das comisión que se constitúan non estarán suxeitos a mandato imperativo no exercicio da súa representación, estando obrigados a informar os seus representados das súas actuacións.

4.- Os representantes no Consello Escolar terán o deber de confidencialidade nos asuntos relacionados con persoas concretas, e que poidan afectar á súa imaxe. (Lei 15/99 e Protocolo de protección de datos)



CONSELLO ESCOLAR

CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro

